

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- Os obxectivos da norma
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, formúlase a seguinte consulta:

<p>Prazo e lugar para facer chegar as opinións</p>	<p>Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio.</p> <p>Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.</p>
<p>Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza fiscal</p>	<p>Preténdese dar solución aos problemas xerados en procesos selectivos previos, derivados da falta de ordenanza fiscal: 1) Inxente cantidade de inscricións, motivada pola gratuidade da participación nos procesos selectivos, que colapsan os servizos de rexistro e dificultan unha xestión eficaz e eficiente dos mesmos; 2) Falta de compensación polos gastos orixinados durante a celebración do proceso selectivo (indemnizacións aos membros do Tribunal, material para a realización das probas, gastos vinculados ao lugar onde terá lugar os exames, etc)</p>
<p>Necesidade e oportunidade da súa aprobación</p>	<p>Resulta de especial relevancia para este Concello, acometer esta aprobación normativa, como paso previo á convocatoria de diferentes prazas vacantes</p>

Obxectivos da norma	<i>O obxecto é a regulación dunha taxa por dereitos de exame que permita mellorar a eficacia e eficiencia dos procesos selectivos que leve a cabo o Concello</i>
Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias	<i>Despois dun análise previo da situación, considérase que a aprobación dunha taxa por dereitos de exame é a mellor solución regulatoria posible para axilizar, e dotar de eficacia e eficiencia aos procesos selectivos que desenvolva este Concello; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.</i>

Corcubión, na data da sinatura dixital.

O Alcalde,
Manuel Insua Insua